



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



### CIRCULAR Nº 32/2009

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os clubs

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## CAMPIONATO GALEGO DE 10.000 ML DE PISTA AIRE LIBRE

**4 de Abril do 2009, Pistas do Estadio da Universidade. Santiago de Compostela**

**Art.1)** O día 4 de Abril celebrarase o Campionato Galego de 10.000 ml na pista de atletismo da Universidade de Santiago. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago de Compostela.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas absolutos, ou das categorías promesa e junior que cumpran os requisitos do artigo 6 e algunha das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2008/2009) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaránse no email ([FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com)), como data límite o **martes día 31 de marzo**, ata as 20,00 horas.

**Art.4)** Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

**Art.6)** Poderán participar todos os atletas que figuren na tempada actual ou anterior (10.000 ml) entre os 20 primeiros do ranking absoluto

**Art. 7)** Horario da competición

11:30 horas	10.000 Mulleres
12:20 horas	10.000 Homes

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral para o Deporte

**Art.8)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 25 de marzo de 2009

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**caixanova**



**PROVEEDOR**

